

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, por medio das súas deputadas **Yolanda Díaz Pérez** e **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate Plenario**, relativa a mellorar as axudas á asociación ASPANEPS.

### Exposición de motivos

Hai xa 24 anos que as mulleres e homes que conforman ASPANEPS veñen rendendo un magnífico exemplo de dedicación para cubrir o que desgrazadamente a sanidade pública non é quen de atender de xeito suficiente dentro da rede do SERGAS: a saúde mental infantil e xuvenil na área sanitaria de Ferrol.

Dende o comezo da recesión e a crise, a asociación sufriu un moi duro recorte nas axudas públicas recibidas, de ate un 25%, o que supuxo unha mingua nas posibilidades de actuación da asociación outrosí da aplicación dun ERE aos profesionais que traballan na asociación e dunha redución salarial tamén dun 25%.

Cando nas verbas dos máximos responsables da Xunta e do PP fálase de recuperación económica cómpre ser coherentes para non restar mentireiros. ASPANEPS ten que recuperar o que as políticas austericidas do PP quitáronlle. Pero diferentes signos permiten constatar a resistencia da Xunta de Galicia a ser coherente tamén neste caso concreto. A recuperación das axudas económicas reducidas, a desconsideración da nova xerencia para se reunir e estudar novas vías que reforcen a colaboración e as achegas públicas, e en xeral a falla de planificación dunhas axudas públicas reducidas e sometidas á inseguridade de renovacións anuais expresan con clareza que a atención psico-social á infancia, a prestación de servizos especializados de carácter interdisciplinar ás persoas con discapacidade intelectual, a atención socioeducativa, o desenvolvemento de intervencións para que as persoas gañen autonomía, etc., son

actuacións menores para unha Xunta comprometida cos recortes, a prepotencia e a insolidariedade.

Son tempos de rectificar esas pésimas políticas de apoio a entidades sociosanitarias que como no caso de ASPANEPS constitúen un medio necesario para axudar a doentes e familias a afrontar un desafío que o SERGAS non aborda de seu de xeito integral.

Son tempos para que a nova xerencia se reúna e acorde as necesidades que ten manifestado ASPANEPS. Son tempos para incrementar os orzamentos e pór fin a situación de excepción na que se atopan os profesionais que colaboran coa asociación. Son tempos de reforzar a coordinación entre o SERGAS e a asociación coa incorporación ao programa lanus e a receita electrónica entre outras cuestións da xestión da información.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta para que a nova xerencia da área sanitaria de Ferrol se reúna coa asociación ASPANEPS.
- O Parlamento Galego insta á Xunta Vai a incrementar a partida económica para ASPANEPS para recuperar os valores previos aos aos recortes sufridos dende 2010, así como a mellorar a coordinación coa asociación coa súa incorporación ao lanus e á receita electrónica.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a acordar un convenio plurianual con ASPANEPS que entregue estabilidade e achegue as novas medidas de apoio económico e material.

En Compostela, 3 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 03/02/2015 14:03:58**

**Eva Solla Fernández na data 03/02/2015 14:04:05**